

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA (FEAFES GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA SERIE DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, INFORMACIÓN E APOIO AOS ENFERMOS MENTAIS E AOS SEUS FAMILIARES E DO PROGRAMA “COIDAMOS DE TI”.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2020

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA: Don José Ramón Girón García, con DNI 32.214.346-T, presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES Galicia) con NIF G-15545353 que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de Xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

SEGUNDO.- Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

TERCEIRO.- Que no ámbito da nosa comunidade, a prevalencia do trastorno mental persistente e o modelo de atención na saúde mental, prioriza a atención na comunidade e a integración social do

enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo.

CUARTO.- Que a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (en adiante, FEAFES Galicia) é unha entidade que leva a cabo actividades de axuda e apoio ós enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins a información, formación, divulgación e sensibilización social da poboación sobre esta enfermidade.

FEAFES Galicia cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

QUINTO.- É por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo a divulgación da enfermidade e dando a coñecer a importancia real que ten o problema de saúde e a integración social, así como o establecemento de programas de estadias de ocio ás persoas con enfermidade mental, e apoio aos seus coidadores, para os efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: O presente Convenio ten por obxecto o desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación de FEAFES Galicia, que abrangue a todo o territorio da comunidade autónoma, cos seguintes obxectivos:

- Formación continuada dos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións, mediante a asistencia a cursos, seminarios e congresos, das materias propias da súa competencia. Tamén está contemplada a posibilidade de realizar un Congreso para os profesionais e as persoas que integran as directivas das asociacións.
- Realización dunha xornada de sensibilización dirixida a pacientes, profesionais e coidadores, nun marco formativo e divulgativo da enfermidade.
- Difusión de cuestións relacionadas coa atención e o coidado das persoas que padecen un trastorno mental persistente, a través de distintos medios.
- Mantemento e actualización dos contidos da páxina web, onde se ofertará información útil para os enfermos e familiares en canto a recursos, centros, servizos, coidados, e especialmente da rede de atención a estes enfermos e aos seus familiares proporcionada polas asociacións integradas en FEAFES Galicia.
- Mantemento do sistema de información e orientación a usuarios e asociacións, mediante unha atención personalizada a estes pacientes e aos seus familiares, e tamén ás asociacións que integran a federación, mediante apoio técnico e xurídico.
- Ofrecer un servizo de asesoramento xurídico a enfermos e familiares, en temas relacionados coa situación de enfermidade mental na que se atopan estas persoas, tales como incapacitación legal, nomeamento de titor legal, e outros procesos xudiciais nos que poidan estar inmersos como consecuencia da súa enfermidade.

- Ofrecer un servizo continuado de estadías alternativas de ocio activo, “Programa Coidamos de Ti”, ás persoas con enfermidade mental, que sirva, á súa vez, de alivio da carga asistencial aos seus coidadores non profesionais, cos seguintes obxectivos:
 - Ofrecer estadías aos usuarios para o caso de urxencias e/ou circunstancias especiais da familia.
 - Ofrecer aos usuarios programas personalizados de ocio activo normalizado que potencien a súa autonomía, habilidades sociais e condutas adaptativas.

SEGUNDA.- A prestación dos mencionados servizos levarase a cabo por parte dos profesionais que integran o persoal propio de FEALES Galicia nos seus diferentes dispositivos. Excepcionalmente, cando polas especiais características dalgunha das actividades a desenvolver ou das necesidades dos beneficiarios das mesmas sexa necesario, a entidade beneficiaria poderá subcontratar ata un máximo do 10% do importe da actividade subvencionada.

O exceso de subcontratación sobre a antedita cantidade minorarase directamente do importe da subvención concedida a través deste convenio.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro: enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. En ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

TERCEIRA.- FEALES Galicia comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esixe aos beneficiarios, e acepta ademais os seguintes compromisos:

- a- Aceptar e colaborar coas medidas establecidas polo Servizo Galego de Saúde para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe o presente convenio.
- b- Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación dispostas polo Servizo Galego de Saúde a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria.
- c- Remitir con periodicidade semestral unha memoria na que se faga constar:
 - 1) Breve descrición das actividades realizadas no marco do programa “Coidamos de ti” (data, lugar de realización, duración)
 - 2) Número de beneficiarios directos distintos, tendo en conta que un mesmo usuario pode participar en varias actividades, desagregado por xénero, do programa “Coidamos de ti”.
 - 3) Número de beneficiarios indirectos, desagregado por xénero, do programa “Coidamos de ti”.
 - 4) Número de Actividades de formación continua realizadas polos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran a FEALES Galicia: asistencia a Cursos, Congresos, Xornadas ou Seminarios:
 - Organizados pola propia federación: data, denominación, programa, número de asistentes, localidade, ámbito, profesionais aos que vai dirixido, poñente/s e número de asistentes.

- Non organizados pola federación: número de profesionais bolseiros, listaxe congresos aos que se asista. (data, denominación, localidade, ámbito, ...).
 - Grado de participación dos profesionais en cada unha das anteriores actividades (docente, oínte)
- 5) Número e tipo de actividades de difusión e sensibilización da poboación xeral respecto aos trastornos mentais: cuñas de radio, mantemento e actualización páxina web (número de visitas), redes sociais activas, publicacións de dípticos, folletos, guías, ... (achegando a/as publicación/s), xornadas de sensibilización (data, lugar celebración, número de asistentes, duración...), charlas divulgativas, publicacións periódicas realizadas.
 - 6) Número de persoas atendidas e de intervencións realizadas no servizo de información, orientación e asesoramento a pacientes e familiares e de asesoramento xurídico (desagregado por xénero).
 - 7) Número e breve descrición de actividades e programas dirixidas a colectivos de maior vulnerabilidade (en especial menores, mulleres e persoas con discapacidade).
 - 8) Número de reunións de coordinación con outros servizos de atención a persoas con problemas de saúde mental.

CUARTA.- Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a cantidade de noventa e dous mil setecentos trinta e oito euros (**92.738,00 €**), con cargo a aplicación orzamentaria **5001.413A.481.14** e código de proxecto **201400028**, consignada nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

QUINTA.- A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- A contía indicada na cláusula cuarta farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, e sempre que a actividade comezase previamente, poderase efectuar un pago anticipado, segundo o artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, presentando por parte de FEAFES Galicia:

- A solicitude do pago anticipado.
- Declaración responsable segundo o modelo que se xunta como Anexo 3. O dito Anexo presentarase ademais, debidamente actualizado, en cada unha das xustificacións parciais, no seu caso.

Ademais, poderanse realizar pagamentos parciais, a conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando:

a) Orixinais dos xustificantes de gasto ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, xunto cunha relación ordenada dos mesmos, que se documentará segundo o modelo do Anexo 1.

b) Certificación na que se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, e que foron debidamente aboados.

A data límite para a presentación tanto da solicitude do pagamento anticipado como da documentación xustificativa dos pagamentos parciais será o 31 de Outubro de 2020.

O importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados no seu caso concedidos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos parciais correspondentes ás actividades subvencionadas engadindo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, os pagamentos anticipados e os pagamentos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SÉTIMA.- A xustificación final realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais dos xustificantes de gastos ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o modelo do Anexo 1.
- b) Declaración dos programas realizados e financiados con este convenio, indicando o custo total repercutido para a entidade.
- c) Certificación na que se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.
- d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

1. A documentación da xustificación final deberá presentarse coa data límite e improrrogable do 1 de decembro de 2020.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificadas e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).

4. A documentación xustificativa dirixirase á Subdirección Xeral de Atención Primaria, que emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación

presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección.

5. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de decembro de 2019 e o 30 de novembro de 2020, que foran efectivamente pagados con anterioridade ou no mesmo día da finalización do período de xustificación, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar a mesma.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3% do importe total subvencionable do convenio excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio. Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

NOVENA.- Con data límite do **15 de xaneiro de 2021**, FEAFES Galicia deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste

convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima .

DÉCIMA.- Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electrónicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado “PRESENTACION ELECTRONICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓN QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRONICO NORMALIZADO” (PR004A)”, dirixíndoas a atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Dous representantes do Servizo Galego de Saúde.
- Dous representantes de FEAFES Galicia.

No suposto de desacordo entre as partes que compoñen esta comisión, o presidente do Servizo Galego de Saúde será o competente para resolver as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes de FEAFES Galicia que realicen as actividades obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO CUARTA.- Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que atermos ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO QUINTA.- FEAFES Galicia prestaralle colaboración e facilitaralle toda documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEXTA.- FEAFES Galicia comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa, así como na páxina web oficial da entidade, o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SÉTIMA.- O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o **31 de decembro de 2020**.

DÉCIMO OITAVA.- Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMO NOVENA.- De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio na súa páxina web oficial e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asínase polas partes o presente convenio en cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**POLA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS
DE FAMILIARES E PERSOAS CON
ENFERMIDADE MENTAL DE GALICIA**

Jesús Vázquez Almuiña

José Ramón Girón García

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Datos básicos da entidade, organigrama, e Asociacións que a compoñen (indicando nome da asociación, o seu representante e localización).
2. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
3. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
4. Actividades Realizadas:
 - Número de reunións de coordinación con dispositivos da rede de saúde mental.
 - Programas sanitarios e psicosociais: data, denominación, descrición, poboación diana e poboación acadada se procede.
 - Horario de atención ao público.
 - Servizo de información, orientación e asesoramento a pacientes e familiares (nº de entrevistas desagregada por xénero).
 - Servizo de asesoramento xurídico (horario e nº de entrevistas desagregada por xénero).
 - Número e descrición das actividades de formación continuada recibidas polos profesionais que traballan ou colaboran coas asociacións que integran a federación (asistencia a cursos, congresos, xornadas ou seminarios), indicando así mesmo o número de asistentes, desagregado por sexo.
 - Actividades do Programa Coidamos de Ti:
 - Actividades desenvolvidas e cronograma das mesmas
 - Número total de beneficiarios directos, diferenciando entre homes e mulleres.
 - Número total de beneficiarios directos distintos, diferenciando entre homes e mulleres, tendo en conta que un mesmo usuario pode participar en mais de unha actividade.
 - Número de beneficiarios indirectos en cada actividade, diferenciando entre homes e mulleres.
5. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.
6. Cubrir as fichas de indicadores remitidas dende a Subdirección Xeral de Atención Primaria.

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE									
RAZÓN SOCIAL								NIF	
TIPO	NOME DA VÍA					NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA			MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX		CORREO ELECTRÓNICO			PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REXISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).									
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calqueira medio válido en dereito)									
NOME/RAZON SOCIAL			PRIMEIRO APELIDO			SEGUNDO APELIDO			NIF
EN CALIDADE DE									
DATOS BANCARIOS									
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.									
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
						IBAN			

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:

- a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.
- b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requerida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.

3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:

- ☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.
- ☐ Sí obtivo outras axudas ou subvención para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA

- ☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.

Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA

Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--